

Xestionar credenciais do alumnado das nosas materias

1. Click na pestana **O meu escritorio** e seleccionamos **xestión de credenciais** no despregable.
2. En Filtros, seleccionamos **Centro, Grupo e Materia**
3. Sairá un listado de alumnos coas súas credenciais. Buscamos o alumno que queremos e prememos en **Restaurar credenciais**. Aparecerá restaurado o contrasinal do alumno.

Crear unha nova materia

1. Na columna da dereita hai un apartado chamado **“Administración”**. Pincha en **“Administración do sitio”**
2. A continuación pincha en **materia**
3. Fai click sobre **“engadir/editar materias”**
4. Aparece na parte esquerda da pantalla **Pontevedra** en cor azul. Preme no **símbolo +**
5. Aparece entón o código do instituto, e á dereita, no medio da pantalla, baixo o nome do instituto prememos en **“crear unha nova materia”**
6. Editamos o que queiramos na materia
7. OLLO!!!! Crear a materia a nivel código de centro, non o grupo por cuestións de sincronización co xade
8. OLLO!! En formato da materia cambiar **vista en grella** por **formato temas**.
9. **Gardar modificacións**

Matricular usuarios na nosa materia

1. Entramos na nosa **materia**
2. Na columna da dereita, en **Administración**, aparece **“usuarios”**. Prememos aí.
3. Prememos despois en **“usuarios matriculados”**
4. **Aparece no medio da pantalla unha** listaxe con usuarios matriculados (non debería de aparecer ninguén, agás nós, co usuario de profesor)
5. Prememos en **“matricular usuarios”**
6. Emerxe unha ventá con todos os posibles alumnos a matricular, e imos matriculándoos un a un

Importar un tema de NETEX ou EDEBÉ aos nosos novos temas

1. Dentro da miña materia, premo no enlace que aparece á dereita da pantalla que di **“Búsqueda avanzada”**
2. Aparece no centro da pantalla **“engadir recurso”** e unha serie de **despregables** para atopar o recurso que busco. Unha vez seleccionados, pulso en **“buscar”**. **NOTA: Nivel de agregación**
3. Unha vez seleccionado o tema que quero incluír, teño **tres opcións**.
 - Engadir e continuar coa investigación: se quero buscar máis recursos nestas editoriais
 - Engadir e volver á materia: se xa rematei a busca e samente quero engadir ese tema
 - Volver á materia: no caso de non querer incorporar nada do atopado
4. O derradeiro paso é escoller o tema ao que o quero engadir

Importar un tema de NETEX SMART ou Aula Planeta á nosa materia

1. Dentro da nosa **materia** premo á dereita da pantalla no botón verde **“activar edición”**
2. No tema onde quero incluír o recurso pulso no **símbolo + de “engadir unha actividade ou un recurso”**
3. Automaticamente salta unha pantalla na que podo seleccionar moitas cousas, entre elas un **recurso Smart ou de Aula Planeta**. Marco o que quero engadir e premo en **engadir**
4. Pídeme que escollo o tema/unidade que quero importar e premo en **“crear actividade”**
5. Xa teño o tema incorporado na miña materia :-)

Engadir un arquivo ao noso tema

1. **Activamos edición**
2. No tema que queremos engadir o arquivo prememos en **“engadir unha actividade ou un recurso”**
3. Seleccionamos **“arquivo”** e dámoslle a **“engadir”**
4. Escribimos **o nome da actividade**, a descrición para os alumnos que lle queiramos dar e debaixo, no cadro dos ficheiros prememos no



botón:

5. Na seguinte xanela emerxente prememos en **“enviar un ficheiro”**, **“examinar”** para buscalo no noso ordenador e **“enviar o ficheiro”**
6. En **Apariencia**, escollemos **Forzar descarga** ou **Nunha xanela emerxente**.

Engadir unha URL (dirección web) ao noso tema

1. **Activamos edición**
2. No tema que queremos engadir a URL prememos en **“engadir unha actividade ou un recurso”**
3. **Seleccionamos URL** e dámoslle a **“engadir”**
4. Escribimos o **nome da actividade**, a descrición para os alumnos que lle queiramos dar e debaixo, onde pon “URL externo” **copiamos a dirección que queremos pegar**
5. **Importante:** en **Apariencia**, seleccionamos sempre **Nunha xanela emerxente**.
6. **“Gardar e volver á materia”** e xa temos a URL no noso tema